

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colegiado:
PLN/2020/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de XULLO de 2020
Duración	Desde as 21:00 ata as 23:20horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI



76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Comeza o Sr. González expón que existe para proceder a súa aprobación as actas do pleno do 28.05.2020, dos plenos do 17.06.2020 e do 25.06.2020.

O Sr. González pregunta se hai algunha consideración e intervén a Sr. Molinos para citar que na acta do Pleno ordinario de maio falta a incorporación dos rogos que se fixeron, especificando que faltarían dous rogos do PP e un do Partido Socialista.

O Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade, acorda a aprobación das actas das sesións anteriores do 17.06.2020, 17.06.2020 e do 25.06.2020. Non aprobándose a acta do 28.05.2020 por non ter incorporados os rogos formulados nese Pleno, polo que queda pendente a súa aprobación para o vindeiro Pleno supeditada a correcta incorporación dos rogos para a súa aprobación.

2.- Expediente 323/2020. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade

DEBATE

Introduce brevemente o asunto o Sr. González citando que o procedemento habitual para poder atender ao pago das facturas que pertencen a outros



exercicios pero que por motivos diversos non se poden rexistrar ata o exercicio presente, o mecanismo legal que se ten para poder atender as facturas é o recoñecemento extraxudicial de crédito.

Citando que neste caso é inferior a outras ocasións e que a suma total é de 30.565,74€, correspondendo a facturas diversas que expón que os diferentes grupos puideron ver.

Toma a palabra a Sr. Molinos voceira do Partido Popular e expón que as facturas que están pendentes e que se corresponden con traballos que están feitos ou con servizos que están feitos que teñen que ser abonadas. Polo que non teñen mais que engadir.

Toma a palabra a Sr. Suárez voceira do BNG e expón que son servizos e que é preciso pagalos.

Toma a palabra o voceiro do partido socialista o Sr. Caamaño que adianta que apoiarán o recoñecemento extraxudicial de crédito co fin de pagar facturas atrasadas. Indica que chama a atención e así se expuxo na Comisión que tivo lugar o pasado luns que nos atopamos con facturas do ano 2018, non pide que se pague en 30 días pero un ano e medio despois considérao unha barbaridade para pagar unha factura, cuestión que lle foi aclarada.

Continua o Sr. Caamaño citando que non sabe ata que punto poden esixir a presentación das facturas en tempo e forma, pero creo que polo ben dos provedores e do Concello sería unha boa opción a estudar.

Intervén o Sr. González para expoñer que eles tamén lles sorprende con respecto a algunhas facturas, pero como os servizos son prestados hai que atendelos.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor



ACORDO

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos derivados de prestacións realizadas nos exercicios 2018 e 2019, que se contén na relación de facturas F/2020/16, por importe total que ascende a 30.565,74€, todas rexistradas no rexistro de facturas de intervención nesta anualidade 2020.

Visto que se emitiu por intervención informe para valorar a viabilidade do recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquela o que correspondían.

No tocante aos contratos menores e considerando as competencias que, de acordo coa Disposición adicional segunda, apartado 1 da LCSP, corresponden a esta Alcaldía como órgano de contratación **DECLARO:**

Primeiro.- Informar que os gastos aos que se refiren os documentos xustificativos foi necesario efectualos, ao non dispoñer esta entidade de medios propios tanto técnicos como humanos para realizar esas prestacións, polo que foi preciso acudir á contratación de medios externos.

Segundo.- Declarar, aos efectos do esixido polo artigo 118.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para cada un dos gastos incluídos na relación que:

a) Non se está a alterar o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

b) O contratista non ten subscrito máis contratos menores no exercicio orzamentario que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000,00 € cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000,00 €, cando se trate de contratos de servizos e subministracións.

De conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento de 2019, prorrogado para o ano 2020.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:



PRIMEIRO.- Resolver a discrepancia plantexada pola intervención municipal, ao tratarse de prestacións recibidas de conformidade por este concello, e aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2020 por importe de 30.565,74€, e que se contén na relación de facturas F/2020/16.

SEGUNDO.- Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2020, prorrogado do 2019, os correspondentes créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias que se contén na relación de facturas número F/2020/16.

3.- Expediente 490/2020. Organización e Disposicións Comúns de Control Interno.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade

DEBATE

Comeza o Sr. González coa exposición introducindo que tratase de realizar unha pequena modificación na forma de fiscalizar por parte de Intervención e que os expedientes que competa fiscalizar do Concello.

O Sr. González da a palabra a interventora do Concello a Sra. Barcia para que expoña e en que consiste o cambio que se propón. Comeza a súa exposición a Sra. Barcia que comeza citando que as competencias da Intervención son principalmente dous a fiscalización previa plena e o control financeiro. Ata agora o que se realiza de forma plena é a fiscalización previa plena é dicir a fiscalización previa ao control de legalidade e agora mesmo está de forma plena, salvo como se prevé nas bases de execución fiscalización previa nos casos do persoal, as nóminas fiscalízanse tres ou catro apartados. O que se trataría de estender toda a fiscalización previa limitada ao resto de expedientes de acordo cos documentos do expediente. Axilizaríase a fiscalización previa e todo o que non o é pasaríase a control financeiro posterior. Isto está así previsto no Real Decreto de control interno do 2018 e o que pretende é a asimilación á fiscalización previa que ten o Intervención xeral do Estado. Pasar a cinco días hábiles para fiscalizar e deste xeito cumpríríanse os requisitos básicos que se non se compren paralizaría o expediente e sería susceptible de reparo suspensivo.

Continua expoñendo que todo o non sexa fiscalización previa pasa o control financeiro posterior que se trasladaría en forma de informes. O motivo é moi complicado que se dispoña dese tempo para facer a fiscalización. Continua



expoñendo de forma concreta o que supón para Intervención e finaliza expoñendo se hai algunha dúbida.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos expoñen que non teñen moito que engadir e que iso siá hora de non realizarse un control tan exhaustivo o cambio sirva para axilizar a función interventora e que polo menos se traduza nun pagamento máis rápido das facturas e con respecto aos traballos feitos polos traballadores do Concello.

Toma a palabra a Sr. Suárez voceira do BNG que comeza a súa intervención subliñando que para eles todo aquel cambio de condicións que leve unha maneira de traballar máis cómoda para a Intervención ímola apoiar e subliña que se cumpran os requisitos necesarios a posteriori e que os informes nos sexan facilitados ao resto dos partidos e ao resto dos órganos para o seu control.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do partido socialista que expón que despois de ver o expediente, falar coa interventora e escoitar a súas palabras non me cabe máis que dicir que así como me gusta esixir que cumpran co seu traballo e que o fagan ben tamén creo que é bo darlle as facilidades que poidamos o que non quita que o partido socialista seguirá mirando todos os informes para que os cumpra e non os salte.

VOTACIÓN

Finalizado o debate, prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5votos a favor

BNG: 2 votos favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

4.- MOCIÓNS DO GRUPO MIXTO-PSOE E MOCIÓNS DO BNG

- **DO PSOE:**

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Temos en Tarás un lavadoiro e unha fonte que era usado en tempos polos vecinos da Barreira, o Sino e o propio Tarás, que na actualidade non está funcionando como debería. Xa non pedimos que se arregle para usar como lavadoiro, o que viría ben para grandes prendas, se non por imaxe e decoro. Forma parte desas cousas que dende o partido socialista queremos que se volten a adecentar por e para imaxe do noso pobo e as noas aldeas e por isto propoñemos o seguinte

ACORDO:

1. Fixar o manantial antes da entrada no tubo da auga xa que perde a mesma antes de chegar a saída.
2. Arranxo e adecentamento do lavadoiro e pilón.

DEBATE

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que expón que os lavadoiros públicos forman parte do patrimonio aínda que nestes tempos non teñen a mesma función que antes. Na pasada lexislatura comezouse a desenvolver un programa sobre os lavadoiros municipais o de San Cosme e Ponte Nafonso entre outros e que pensamos que é importante darlle continuidade a este programa, coidar e poñer en valor o noso patrimonio é unha responsabilidade que toda goberno municipal debería asumir.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que comeza a súa intervención expresando que están de acordo de que debe manterse o noso patrimonio e os lavadoiros son parte deste. Adianta que van apoiar esta moción solo que pediríamos que cando se acometan as reformas ou proxectos de mellora intenten non facelo con uralitas e con formigón. Non é nin estético nin coidar o noso patrimonio.

Toma a palabra o Sr. Alcalde que comenta que o ven de xeito similar ó exposto polo resto dos grupos e que lles parece importante manter e velar polo que temos e matizar que é unha carga importante para o Concello con respecto ao seu mantemento. Continua dicindo que entenden o sentido da proposta e adiantan o seu apoio e que intentarán acometer esa obra o antes posible.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:



- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos favor
- BNG: 2 votos favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto a favor

- **DO PSOE:**

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dado que cando chove, como en outras partes do noso concello a auga baixa a través da propia carretera arrastrando pedras, gravilla e maleza que fai que os terreos limítrofes se aneguen e a propia calzada sexa intransitable sobre todo a pé, sobre todo nestes lugares con pendientes, como é o caso da subida ou baixada o mosteiro no Freixo, o Partido Socialista de Outes propón o seguinte acordó para a súa aprobación

ACORDO:

Limpar, canalizar e entubar o camiño que baixa de mosteiro pola súa marxe dereita para evitar o anegamento da calzada

DEBATE

Toma a palabra a Sr. Molinos que expón que calquera actuación que vaia dirixida a mellorar as estruturas do Concello parécelles que teñen que ser atendidas polo goberno.

Toma a palabra a voceiro do BNG a Sra. Suárez expón que fan mención ao sinala o partido socialista non é solo o referente ao mosteiro senón que pasa tamén noutros puntos do Concello que deberían de irse revisando.

Toma a palabra o Sr. González indicando que son conscientes dos numerosos problemas que existen no Concello de augas e os danos que provocan nas pistas e lugares. É un problema complexo e non é fácil de solucionar. O Sr. Alcalde subliña que se están levando a cabo por petición veciñal que xa se están acometendo unhas pequenas actuacións de limpeza nese mesmo lugar.



Sinala que para poder dar o visto bo por parte do equipo de goberno hai cuestións que se poden realizar e outras non como canalizar e entubar. A nos gustaríanos engadir unha cuestión realizalo se é viable economicamente, de ser viable técnica e economicamente con anterioridade a chegar a este acordo.

O Sr. González propón ao Sr. Caamaño engadir ao acordo limpar e de ser economicamente viable canalizar e entubar, sobre todo o que se refire a entubar polos metros que supón. Contesta o Sr. Caamaño expoñendo o súa conformidade coa apreciación feita e incluso pódese modificar poñendo ese matiz de si é viable economicamente. Engade o Sr. Caamaño e diríxese ao PP polo comentado de que estas actuacións o normal e que as fagan dende o goberno e sinala que despois de rogos e preguntas sen atender as veces síntome na obriga de meter algunha moción deste tipo.

Contesta a Sra. Molinos que o PP non se refería a iso senon que calquera actuación debe ser atendida polo goberno sexa por moción o por calquera outro tipo de feito que se poda facer.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para proceder á votación da moción coa apreciación acordada. Solicita a Sra. Suárez antes de comezar a votación poder facer unha apreciación que si se mete ese matiz entón non é a mesma moción e xa se permiten ou non executala.

O Sr. González expón que a moción pódese modificar o propoñente que é o que ten que decidir nos termos que se realiza.

A Sra. Suárez reitera que só era unha apreciación para que quede clara cal vai ser a postura do BNG e o sentido do voto.

Aclara e pregunta a Sra. Molinos se se aproba a moción coa emenda citada e exposta anteriormente relativa a viabilidade económica.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 abstencións
- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto a favor

- **Do BNG:**



O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de Motivos:

Vivimos nun tempo onde é preciso apostar cara unha economía de proximidade que poña en valor os produtos ecolóxicos e de calidade. Existen diversas propostas e accións tanto no sector privado coma en diversas institución públicas.

Dende o BNG creemos que é necesario tamén dar pasos dende o concello e seguir no camiño cara un mundo máis sostíbel. Por iso é que propoñemos a creación dun mercado de produtos artesanais e excedentes agrarios onde a veciñanza poida mercar e vender con total facilidade. Isto suporía unha axuda importante para a veciñanza que dispón de ditos produtos máis que non ten onde vendelos.

En base ao exposto, proponse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

-Crear un mercado de produtos de excedentes agrarios e de elaboración artesanal para que a nosa veciñanza teña un lugar onde vender e mercar.

-Que o concello ofrezca información fiscal e tramite os permisos para que a veciñanza poida realizar dita actividade.

DEBATE

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que expón que non saben se ten feito o BNG un estudo do número de veciños que se van beneficiar desta medida, expón que de todos xeitos se vai axudar a que algunhas familias de Outes poidan mellorar a súa economía doméstica poñendo a venda coas medidas de seguridade e hixiénicas precisas os produtos que cultiven na súa horta ou calquera produto artesanal que poidan vender pois o PP parécelle ben.

Toma a palabra o voceiro do partido socialista, o Sr. Caamaño, que expón que en



canto a moción parécelle interesante pero cree que debería facerse un bo estudo da demanda e posibilidades que suporía poder facer un mercado rotante. Estamos de acordo aínda que nos gustaría ter en conta esta consideración da demanda.

O Sr. González expón que o fondo da moción lles parece interesante e vai na liña do que propón o noso grupo de goberno con respecto ao comercio de proximidade e con respecto aos produtos agrarios.

Engade que atendendo ao que apuntaron tanto o PP como o Partido Socialista e que propón que se engada un punto inicial no que se realice un estudo previo sobre a viabilidade económica e técnica de desenvolver este mercado.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que expón que non sería o problema engadir ese punto pero que consideran que o estudo previo xa está feito, xa que son moitos os veciños que van a vender ao mercado de Noia e que creen que ter este tipo de mercados ademais desta parte económica sería unha forma de promocionar os nosos produtos e o noso Concello e dar a coñecer e esa demanda virá marcada pola publicidade e pola oferta que se faga nese mercado.

Aclara o Sr. González se o BNG quere que a moción se vote tal e como se presentou o que a Sra. González responde que desexa que se vote como se presentou. E o Sr. Alcalde reitera que para eles requiriría dese matiz pero que de todos xeitos adiantan que apoiaran dita moción. Engade que unha liña de traballo na que se está afondando AGADER ten liña de axuda para estes mercados.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN** engadindo a cuestión sinalada, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos favor
- BNG: 2 votos favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto favor

- **DO BNG:**

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN



Exposición de Motivos:

Dende que o actual goberno entrou a gobernar fíxose moita propaganda con que era un “goberno transparente e democrático” mais, por desgraza, a impresión que nos deixa despois dun ano de mandato é totalmente a contraria.

Os grupos políticos da corporación municipal seguen agardando por unha canle de información sobre as accións que desenvolve o goberno local. Toda información que temos é porque se pregunta en pleno ou temos que buscar no Facebook ou por terceiros. A alguén lle pode parecer isto transparente?

Outra das cousas que é impensábel nun concello democrático é a exclusión intencionada dos membros da corporación dos actos públicos, poñemos por exemplo a presentación do vídeo de promoción turística da que non tivemos constancia ate que saíu na prensa. En calquera concello cun goberno, minimamente democrático, os membros da corporación terían recibido un convite formal.

Despois dun ano de desprezos á corporación municipal, vémonos na obriga de presentar esta moción para regular estes dous aspectos básicos da actividade política municipal.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

-O goberno terá a obriga de crear unha canle directa de información, con todos os concelleiros da corporación e cunha frecuencia mínima dunha vez á semana, onde se dea conta de todas as actividades ou trámites realizados polo goberno.

-O goberno terá a obriga de informar e convidar formalmente aos diferentes grupos políticos da corporación municipal a todos os actos de carácter público desenvolvidos polo concello de Outes.

-Os puntos anteriores deberán ter debido cumprimento dende a mesma semana na que se aprobe esta moción.

DEBATE



Toma a palabra a Sra. Molinos que expoñen que a participación e a transparencia da que fai gala o goberno local fora máis alá das aparicións nos medios e nas redes sociais. Que os acordos plenarios levados polas mocións presentadas pola oposición foran cumpridos e cumpridos nos prazos establecidos por poñer un caso acabamos de recibir as valoracións dalgunhas das cuestións que o noso grupo propuxo de outubro do ano pasado no que se acordou realizar a valoración económica de todas as actuacións presentadas antes do 21 marzo do 2020, nove meses despois da adopción do acordo e catro meses despois de que rematara o prazo acordado aínda lles falta a valoración de seis actuacións. Outro caso fai unhas semanas presentabas aos empresarios e aos medios de comunicación unha proposta para dotar ao noso Concello de chan industrial con varias alternativas de localización do mesmo e que isto feito convocaran aos voceiros para este tema. O PP non ten moi clara a súa intención de participación e indica que estes son solo dous dos casos do que consideramos un pouco o espírito participativo.

Toma a palabra o voceiro do partido socialista o Sr. Caamaño, en canto a moción estou totalmente de acordo de que nunha actitude democrática e de ben si se debería de informar e convidar aos actos de carácter público feitos dende o Concello.

En canto o que di a moción de despois de un ano de desprezos e engade o voceiro do partido socialista facendo caso omiso a moitos rogos que se levan dende a oposición e deixar fluír o tempo noutras mocións aprobadas si que lles digo aos compañeiros do BNG que vaian pensando noutras formas ou maneiras porque expón cre lle da a sensación que cree que o equipo de goberno pensa que ten maioría absoluta.

Toma a palabra o Sr. Alcalde que manifesta a súa opinión de que nunca este Concello tivo un goberno tan transparente e engade que cree que a transparencia dun goberno non debe vir se por este ten maioría absoluta ou non. Para exemplo é a primeira vez que se emiten os plenos na web, información que antes non se incluía e diríxese ao resto para expoñer que seguramente o fixeran mellor e que cando gobernen algunha vez xa o farán. Prosigue que eles creen que deron pasos importantes para que o Concello sexa máis transparente e anuncia o non apoio á moción. Expón que parte de premisas falsas e refírese a que cada semana se remitan o que expón o Sr. Alcalde e que se pretende poñer paos nas rodas deste goberno e que non están dispostos a apoialo. En calquera caso cumpriran sempre coa lei de transparencia.

Toma a palabra o BNG que expón que como temos o goberno máis transparente e



máis democrático e que eles non fan comparacións. Na actualidade a transparencia e democracia neste goberno dende o BNG citan que basease en palabrería en aparecer no xornal e pouco máis. A gravación dos plenos pola súa banda expoñen que si pero que incumprindo o que propoñeren fai un ano, gravar os plenos e o correcto acondicionamento da sala para que se escoite ben aos concelleiros e por desgraza non se acometeu o microfonado da sala para que se escoite ben. Por outra banda, expoñen que se emiten os plenos pero que non se lles da publicidade. Non ven a transparencia da que o goberno fala e que por exemplo no nos convidaron a un acto público aprobado polo Concello a onde se presentaba unha campaña promocional.

Expón o BNG que a democracia tamén é aceptar críticas e máis cando son positivas.

O Sr. Alcalde engade que as críticas construtivas si pero fai referencia aos termos nos que esta redactado a moción. Prosigue expoñendo que parece que non son democráticos porque non microfonan o salón de plenos e que parece que ese é o problema e que levamos as nosas propostas a pleno e non as súas e que as mesma vótanse. Refírese ao Sr. Núñez que está ben que teña tanta palabrería pero fai referencia a que non é así e adianta que non van a apoiar a moción e que seguirán sendo transparentes e cumprindo coa normativa existente á hora de funcionar neste goberno.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN** engadindo a cuestión sinalada, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos en contra
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto a favor.

7. PREGUNTAS

- Do Pleno anterior.

- DO PP:

A pregunta sobre a declaración no Correo Galego dun gasto para facer certos traballos con respecto ao COVID na que a Sra. Molinos aclara que a primeira



pregunta foi contestada no Pleno anterior, pero faltaban por contestar tres preguntas incluídas nas preguntas que fixeran orixinalmente.

- 1) ¿Cantas horas a maiores das habituais se fixeron?
- 2) ¿Cal foi a distribución deses 15.000€ referidos a persoal?
- 3) ¿Cales foron os outros desembolsos menores que dixo no periódico? A maior parte en persoal pero logo dixo que en persoal solo eran 3.000€ e polo tanto piden que se explique.

Responde o Sr. González que o dito pola Sra. Molinos refírese a unhas declaracións realizadas nun xornal onde se apunta o gasto apuntando unha cifra redonda, non tendo unha contía detallada. As horas en limpeza son 38 horas a maiores das habituais. Prosegue que cando afirma que a maior parte dos gastos é de persoal refírese a que hai persoal realizando a súa función en cuestións de diversos tipos (servizos sociais, celadores, etc.) se tiveron que evitar por cuestións do COVID polo que hai que computar como gasto asociado ao COVID que suma aproximadamente 11.000€. Tendo en consideración que por exemplo a coordinadora de servizos sociais estivo practicamente todo ese tempo atendendo problemáticas do COVID a iso se refería.

Resposta a Sr. Molinos afirmando que o Sr. Alcalde ten unha curiosa forma de contabilizar o que se gasta no Concello a maiores por unha situación de emerxencia como houbo, contabilizando os salarios que xa están por sí e que teñen que pagar.

Resposta a seguinte cuestión sobre o contrato de limpeza e lee a pregunta; porque se pagaron traballos que non se fixeron? Resposta o Sr. Alcalde que entenden que o groso do contrato estaba realizado e que por tanto había que proceder ao seu pagamento e iso é a razón fundamental.

Intervén a Sra. Molinos sinala que para que o fundamento dun contrato menor sexa pagado é que o contrato este feito, porque darlle conformidade a unha factura por un servizo sen ter en conta isto parécelle unha cuestión moi grave.

- **PREGUNTAS PLANTEXADAS ORALMENTE DO PP E O BNG.**

• **Do PP:**

Chegaron as protestas dos veciños do núcleo de Mirás polo remate das obras do proxecto “Pavimentación de camiños de Mirás” por valor de 50.000€ executado no PMI impulsado pola Consellaría de Presidencia da Xunta. Esta queixa ten a súa orixe



en que se eliminou parte do pavimento previsto no proxecto aprobado asociado a esta subvención, nós podemos entender que intenten ampliar vostedes o alcance dunha actuación ou incluso en consenso con veciños e a dirección de obra varíen algo do proxecto dentro duns límites establecidos pero o que non respecto a unha obra aprobada que elimina unha parte sen que se concorran motivos irrefutables para facelo non chegamos a entendelo.

PREGUNTAS:

- 1) Cal foi o motivo polo que eliminaron vostedes ese tramo de pavimentación?
- 2) En que base legal se apoiaron vostedes para poder facelo?

O Sr. González responde ás cuestións expostas indicando que o motivo foi atender da mellor maneira o que entendemos que é o ben común e o proxecto que vostedes plantexaba o aglomerado da entrada ao núcleos distintos para chegar a un mesmo lugar. A moso o proxecto citado e expón que con esta proposta non se lle daba solución ao problema importante na entrada, con respecto a canalización da auga e por outro lado quedaba moi estreito. Expón que falado co director técnico da obra chegouse a que podíamos mover unidades de obra e prescindir do codo que entendiamos que non daba gran servizo. Prosegue que si solventaron os problemas de canalización dese tramo e optamos por mellorar o acceso ao núcleo de Mirás e mellorar a saída de augas e ese é o motivo.

Con relación a segunda cuestión o Sr. González contesta que a base legal é a LCSP e remitirse ao informe do director técnico da obra que é quen ten que indicar que houbo cambios e que os mesmos son acordes coa LCSP.

- **Do BNG:**

- 1) É o goberno de Outes consciente que pode estar cometendo os mesmos erros do pasado?

Responde o Sr. González expoñendo que non son conscientes de que se estean a cometerse erros ningún.

- 2) Se non se pensan negociar outra localización máis axeitada que cumpran cos requisitos legais? E a parte está o impacto social dunha actividade económica destas características no centro urbano da Serra.



Responde o Sr. González que a eles non lles consta que esa localización incumpra ou non reúna os requisitos legais para realizar estas infraestruturas. Prosigue que en calquera caso este estudo detalle foi exposto ao público e calquera veciño poido presentar alegacións e agora os nosos servizos técnicos e xurídicos terán que emitir un informe e atender esas alegacións e tamén serán atendidas polo promotor.

3) Ten ganas de ter outra demolición?

Responde o Sr. González que non a teñen e que agardan non tela.

4) Que pasou con esa planificación? Perderon a planificación? Xa non creen que sexa necesaria?

Responde o Sr. Alcalde que a planificación claro que existe e volve a facer referencia o retraso que supuxo o estado de alarma e múltiples problemas. Que lles gustaría que a limpeza tivera comezado antes pero non puideron atendelo como quixeran antes. Na publicación do 29 están os tractoristas traballando e estamos publicando esta planificación.

5) Deixaron un remanente de 90.000€ nos orzamentos anteriores sen executar que correspondían á partida de limpeza e xardíns e espazos públicos, por que non se executou? E porque non se contrataron empresas para facer esa limpeza?

Responde o Sr. Alcalde que os termos que manexa o BNG non son correctos, non é un remanente de 90.000€ o que existía é unha partida do orzamento do 2019 que se traslada a 2020, votándose man desta partida entre outras cousas nestas limpeza.

6) O abandono non chega só aos desbroces senón tamén se comeza a notar no deterioro das estradas municipais que ten de intervención urxentemente, fixéronse parchados e que estaban mal feitos e reiteramos a necesidade do control de que fan as empresas.

Responde o Sr. González dicindo que hai moitas necesidades de reparar e manter viais públicos e que son conscientes diso pero tamén que os recursos non chegan para todo non nos chegaría o orzamento. Entenden que si que hai viais que están en mal estado e pode que algunhas das actuacións de parcheo nalgunha non quedara tan ben como tiña que quedar pero estamos intentando facelo o mellor posible cos recursos que temos.



- 7) Achéganse as festas do verán e creemos que é de vital importancia manter a actividade cultural e dar apoio ás institucións como a banda municipal de Outes, pensa o goberno facer pasa rúas polas parroquias e promover actuacións?

Toma a palabra o Concelleiro de Cultura que responde que a banda de Outes é unha asociación que ten un convenio e o que di o convenio é que tódalas parroquias teñen dereito a unha actuación. Expón as que o teñen solicitado e as que non o fixeron están a tempo e se así o fan por suposto que a banda acudirá a tocar.

Intervén a Sra. Suárez para preguntar se é toda a promoción ao que o Concelleiro de cultura resposta que eles axudan á banda a actuar noutros concellos ou noutros lugares.

- 8) A situación é complicada e por suposto as festas non volverán a ser neste ano o que foron en anos pasados, de todos xeitos pódense facer moitas outras actividades culturais enfocadas á veciñanza por parroquias e cun aforo correspondente, teñen previsto realizar un programa cultural acorde a esta situación? De ser así, cando pensan informar?

Afirma o Concelleiro de Cultura que esta cuestión xa se encontra contestada ao día seguinte do pleno mediante unha aclaración.

- 9) Referente ao campamento, se seguen nas bases de regulación habería unha diferenza de taxas entre as quendas de agosto e xullo? Se seguen mantendo esa diferenza de quedas?

Responde o Sr. González a edición do campamento de verán é unha edición especial por causas do COVID e por tanto empezou máis tarde e fixo que as quendas sexan iguais e polo tanto que a cota que se estableceu é igual para tódalas quendas.

- 10) Fai uns meses o temporal derribou a imaxe do cruceiro de abaixo en Cando a día de hoxe esa imaxe ninguén sabe onde se atopa, vostedes pasaron a recoller esta imaxe? Patrimonio é consciente desta situación?

Resposta o Sr. González que esta imaxe que foron avisados polo veciños que a imaxe caeu e está en dependencias municipais e patrimonio foi informando e aínda non temos resposta.



A Sr. Suárez fai unha breve aclaración que chamarlle planificación a publicar onde se van atopar os tractores durante o próximo mes pensa que é un atrevemento moi grande. Para eles a planificación non é iso e para vostede seguro que tampouco porque non o era cando estaba na oposición. Planificación é organizar os traballos durante todo o ano non a publicación de onde esta o tractor a través da páxina web. E prosigue que non se xustifique na COVID para todo, xa que, os traballos forestais nunca estiveron suspendidos outra cousa son os problemas de contratación por falta de planificación.

Anuncia o Sr. Alcalde a pregunta pendente do partido socialista ao que o Sr. Caamaño resposta que está incluída nas preguntas presentadas no presente pleno.

- **PREGUNTAS PRESENTADAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO:**

• **Do BNG:**

- Despois da moción presentada polo BNG e a presión veciñal víronse na obriga de contratar unha asesoría xurídica para defender os intereses da veciñanza de Outes. Despois de todo este tempo seguimos preguntándonos, vistas as actuacións, que vostede tivera verdadeiro interese en resolver problemática algunha. Cal foi, ate o díade hoxe, o traballo realizado pola asesoría? Cree vostede que se pode chamar asesorar e defender ao que están a facer actualmente?

Convocaron vostedes para unha reunión informativa, na Serra, a un grupo escollido de veciños, con que criterio se escolleron? Cal é a estratexia actual?

Responde o Sr. González a pregunta exposta e as diferentes cuestións e apreciacións realizadas pola Sra. Suárez e reitéralle que na medida do posible se ataña aos termos da pregunta rexistrada. O Sr. González responde que a asesoría reuniuse varias veces a asesoría xurídica e viu a reunirse cos veciños e tamén no seu momento os servizos dun biólogo. Penso que se se pode chamar asesoras e puxémonos en contacto coas dúas plataformas constituídas para loitar contra os proxectos dos parques eólicos, cita que se puxeron en contacto coas dúas. Entenden que son as que representan de mellor maneira os intereses dos veciños e mediar xa que están en contacto directo coa asesoría. Son actuacións coordinadas e a estratexia actual é a que marcan estas asociación con nós coa asesoría e con que faga falta.



Toma a palabra a Sra. Suárez para dicir que ata agora mesmo e unha hora antes da reunión convocou a unha das plataformas porque o outro día no pleno recoñeceu que a vostede só lle constaba a asociación de veciños non son plataformas, son asociacións. Pregunta que como quere de verdade que eles e os veciños tomen en serio e crean que é vostede unha persoa seria, responsable e consecuente cos acordos aos que chega se en pleno vostede acordou rexistrar os mananciais afectados e o outro día na reunión dixo que non o ía facer.

O Sr. Alcalde matiza que a segunda plataforma rexistrouse neste Concello nese mesmo día por iso foi convidada nese día.

- Unha vez publicado o vídeo promocional, ante tan nomeada “transparencia”: Cal foi importe da “campanha promocional”? Que criterios segue para escoller os lugares que saen? Contou co sector para tomar estas decisións? Cree que este vídeo representa a realidade do concello de Outes? Non ía ser unha campaña para desestacionalizar o turismo?

Responde o Sr. Alcalde e as diferentes cuestións e apreciacións realizadas pola Sra. Suárez, o vídeo custou 7.000€ mai o IVE e o goberno non se mete nos lugares hai un equipo de turismo no Concello e son os que deciden. Fixemos este vídeo e mais cousas e sempre á demanda do sector e nós executámola e penso que gustou e coa campaña e pensamos que os hostaleiros tamén lles gustou.

Sobre a cuestión de desestacionalizar estivemos agardando pero fixérono neste momento e creemos que está funcionando ben.

Intervén a Sra. Suárez que o fixeron en tempo récord si que o cree pero que lles diga como máximo responsable do Concello que as localizacións elixíronas os de turismo e que vostedes como goberno non tiveron nada que dicir que quere que lle digamos. Que este disposto a pagar sen saber o traballo final que se lle vai a facer debería ser un pouco máis prudente e con respecto ao sector non debemos falar coa mesma xente e por último a desestacionalización do turismo non nos tomo o pelo e teña respecto coas respostas que nos da.

Remata o Sr. Alcalde dicindo que creen que o vídeo está funcionando ben e que están contentos e que esperan que a campaña tamén que están propoñendo e construíndo.

- Fai uns días publicouse, por fin, unha renovación na páxina web de turismo. Dende o BNG queremos felicitar ao goberno por, por fin, nos faceren caso e comezar a camiñar neste eido. Dito isto: Revisaron a páxina web antes de



publicala? Consultaron co sector o contido durante a elaboración? Cree que só se poden desfrutar de dous días no concello, sen nin sequera pernoitar? Na páxina non se aporta información sobre a orixe do berberecho, porque non fai unha defensa do berberecho de Outes, ou é que asumiu que é exclusivamente de Noia? De repente gústalle as escaleiras do alban? Non era que ían tirar con elas? De verdade pensan que non hai máis a resaltar no noso concello que o que xa había na páxina anterior? Porque digamos as cousas claras: o único cambio que houbo foron as fotografías, o deseño e a portada. Os textos son exactamente iguais á páxina anterior.

Responde o Sr. González que alegrase de que lle guste aínda que fan matices. É unha reforma express e creo que conseguimos e con respecto ao contido en liñas xerais pensamos que non estaba mal de todo por iso non se cambiou iso unido a que queriamos sacala canto antes. Outras cuestións que apunta anímalle a que mire a web e miran e puxemos un link nos lugares que poden pernoitar os nosos visitantes. Engade que as outras cuestións non cree que se deban porque considera que é un esforzo baleiro e por poñer en positivo que é o que propón e aportar sinerxías con outros concellos. E pensamos que nunca antes se fixo unha campaña así en materia de turismo e indica que o BNG non lles vale e avisa á Sra. Suárez de que non interrompa senón terá que chamala á orde.

Toma a palabra o Sr. Núñez que fai referencia a que eles si que miraron a páxina e que por iso non preguntan se non pensan que se pode pernoitar no Concello de Outes e con respecto a express un ano non nos parece express e agradece que recoñeza que se puxeron a facela no último momento a facela. Fan referencia a que deberían recoñecer o que tamén forma parte do noso concello pero hai que poñer en valor o noso patrimonio. Prosigue que o Sr. Alcalde afirma que eles só van a criticar e ser problemáticos e que non facemos propostas e indica que despois dun ano e máis de 20 propostas presentadas positivas di que non somos positivos. Afirma que sempre os ten a súa man para estar ao lado dos veciños.

Reitera e afirma o Sr. Alcalde que ao BNG non lles vale nada, eles seguiran a traballar en positivo en base á promoción de Outes.

- A principios deste ano o BNG sacou adiante unha moción para aposta en valor e coidado da praza do concello onde se recollía que se tiña que prohibir o estacionamento de vehículos na mesma. Porque tarda tanto en poñer unha simple sinal para prohibir o acceso á praza do concello?



Responde o Sr. González que o goberno produto dese acordo encargaron o inicio de redacción dun proxecto para esa praza e a intención é limitar o aparcamento na mesma unha vez que teñan avanzado o proxecto. Creen que é o máis adecuado.

- O BNG presentou un rogo, fai xusto un ano, para acometer os cambios de dirección urxentes na rúa da Capela e da Cruz. Ao pouco tempo aprobamos unha obra para a rúa da Capela que contemplaba esta necesidade. Creemos que aínda que, por exemplo, no caso da Capela haxa unha obra proxectada non é necesario agardar a que se acometa para colocar un par de sinais. Por que motivo non se puxo xa a dirección única na rúa da capela e a rúa da cruz como xa está aprobado? A que agarda?

Responde o Sr. Alcalde que na rúa da Capela a actuación que se vai facer sexa pronto e está incluído no POS Adicional e que agardan que este ano este rematada a obra e que afirma que cando este rematada esa obra o goberno teñen pensado establecer a dirección única nesa rúa. O goberno anunciou para consultas aos cidadáns en aras unha transparencia que se tiñan problemas á hora de establecer a dirección única que fixeran as aportacións oportunas. Non houbo ningunha polo que o goberno está pendente de poder organizar o pintado e poñer as sinais. Sinalada que esta é a razón.

O Sr. Núñez realiza unha matización que na Rúa da Capela e que é extensible á praza do Concello hai un problema grave de tráfico e non entendemos a necesidade de agardar a que se acometan unhas obras que levan moitos anos agardando.

- O goberno de Compromiso cumpriu, fai pouco, un ano. Ao longo de todo este tempo o BNG exerceu unha oposición construtiva e propositiva. Proba disto é o elevado número de mocións, preguntas e propostas que fixemos. Levamos máis de 15 mocións aprobadas das que se executaron un total de 0. Unha de dúas: Ou ben o seu goberno é incapaz e incompetente ou ben non queren atender ao órgano de expresión democrática de Outes que é a súa corporación municipal. Cando pensan cumprir co acordado en pleno e executar a primeira das nosas mocións? Poden dar algunha explicación xustificada, non escusas, do por que non executaron ningunha das nosas mocións aprobadas? Pensan que darán executado máis de unha para o remate do mandato?

Responde o Sr. González que eles creen que si que houbo algunhas mocións aprobadas e que chegamos ao termo, é certo que algunhas foron de xestións ou declaracións como as que fixemos o outro día. Sinala que hai outras que pola súa



complexidade, unha cousa é propoñer e outra cousa é executar e sinala que é moi distinto. Sinala que executar leva o seu tempo, hai que planificar, hai procesos burocráticos e hai unha morea de cousas. Sinala que moitas veces non se leva a cabo no tempo que un quere ou non se pode levar a cabo, esa é a razón polo que algunhas das mocións non se executaron aínda.

Toma a palabra a Sra. Suárez e sinala que creen que ao Sr. Alcalde o goberno valeulle para descubrir moitas cousas. Sinala que o goberno levaba tempo sentado na oposición e que parece que agora descubriron moitas cousas. Sinala que algunhas cuestións son tan sinxelas como que cantas veces lle requiriu o BNG que retiraran os contedores e todo o mobiliario que está tirado. Sinala que é cuestión de interese e prosigue preguntando que cantas veces se lles pediu que recolocasen e repartiran mellor, non que mercaran novos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para facer referencia á cuestión de forma e sinala que como comentou con antelación no turno de réplicas sexan aclaracións concretas sobre este tema.

A Sr. Suárez pide que executen as mocións e que comecen polas máis sinxelas, por aquelas que non teñen trámites burocráticos. Pero sinala que o goberno faga algo.

Sinala o Sr. González que as mocións unha cousa é propoñelas e outras é levalas a cabo, eles non descubrimos nada novo é sinala que só quen non xestionou nunca nada ignora que isto é así.

- Fai xusto un ano o BNG presentaba unha proposta para democratizar o acceso aos plenos mediante a gravación e a emisión en directo dos mesmos. Finalmente optouse unicamente pola gravación xa que a conexión de internet non requiría os requisitos técnicos para emitir ao vivo. Na mesma proposta facíase especial fincapé na importancia de realizar un correcto microfonado da sala para escoitar ben as palabras dos concelleiros. Ao longo deste ano fóselle insistindo ao goberno para que procedera a realizar o microfonado da sala. Fai un mes envióselle un “orçamento” do que custaría facelo. A día de hoxe seguimos sen obter resposta. Pensan microfonar a sala de plenos? Se a resposta é afirmativa, cando? Se a resposta é negativa por que?

Responde o Sr. González e sinala que entenden a inquedanza do BNG pero que o microfonado ou non microfonado ten unha urxencia relativa e nós somos o goberno



e decidimos o que é urxente e o que non. Non quere dicir que non se vaia facer pero temos outras cuestións e outras prioridades. E esta é a razón.

Intervén o Sr. Núñez para matizar que o goberno é o que establece as prioridades pero sinala que o goberno non ten a maioría veciñal deste Concello e reiteróuselle por parte das forzas da oposición, que sí que teñen maioría, que atendas ás nosas propostas. Sinala que como ven que segue no mesmo teremos que presentar unha moción e a ver se a cumpre.

- **Do PSOE:**

Con respecto co problema con Telefónica. O artigo 1 da proposta da Ordenanza de protección contra a contaminación acústica de Galicia, DOG 238/14 do 12 do 2018. A presente Ordenanza ter por obxecto regular co fin de garantir o dereito da intimidade persoal e familiar a protección da suade así como a calidade de vida e dun ambiente adecuado. Corresponde ó Concello ordenar as inspeccións que sexan necesarias, aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprirse o ordenado e esixir a adopción das medidas correctoras necesarias. O persoal funcionario encargado das funcións de inspección, terá entre outras, as seguintes facultades: proceder á medición, avaliación e control necesarios para comprobar o cumprimento das disposicións vixentes.

Sinala o voceiro do partido socialista que no pleno anterior non dou tempo a chegar a rogos e preguntas, polo que unha das preguntas realizareina hoxe. Sinala que o Sr. González estaba tan interesado en dicirlle aos funcionarios que non nos gustou como obrou, que é así e sigo dicindo, queremos dende o partido socialista darlle á volta a tortilla e pechar as instalacións de telefónica porque como o funcionario oe mellor agora di que ten máis volume e entón pasámoslle a pataca a telefónica e que protesten eles. Parécelle? E sinala que esa é a súa pregunta.

Responde o Sr. González se o partido socialista pregunta se quere que o goberno lle diga ó funcionario o que ten que poñer no seu informe. E sinala o Sr. Caamaño que non pero que terá que darlle ao funcionario as ferramentas necesarias para que ese funcionario faga a súa labor como día a lei.

- Xa ten resposta o Concello de Telefónica sobre a existencia do permiso de edificación? De non tela, canto máis imos esperar?



Responde o Sr. González que o goberno ten resposta e que sinala que se o solicita poderá acceder a ela. E que hai unha parte xudicializada e que debe seguir o seu curso.

Sinala o Sr. Caamaño se o Concello non é quen de pedirlle a Telefónica os pos papeis da auga.

- Púxose o Concello en contacto coa empresa que realizou as obras o mes pasado na caseta de Telefónica sen permiso do Concello? E, que accións ou acción levou a cabo o Concello?

Responde o Sr. Alcalde que eles puxéronse en contacto coa promotora desas obras para solicitarlle que presente comunicación previa se non a presentou ou alegar que non era preciso esa comunicación previa. Estamos á espera da resposta.

- Púxose alguén do Concello en contacto coas persoas afectadas a día de hoxe (15 xuño) para darlle algún tipo de solución ou de apoio da súa proposta?

Responde o Sr. González que eles faláron moitas veces cos interesados e sinala que ás veces é imposible satisfacer as demandas de tódolos veciños. Os veciños teñen dereito a reclamar e nós estamos seguindo o procedemento que pensamos que é o adecuado.

- A expensas de que me chegue o informe solicitado da actuación dos municipais do acontecido día 19 xuño e que xa a fixen e ante a resposta que di que a autoridade non e quen de paralizar unha obra que se atopa sen licenza, xa que non teñen orde do Concello, supoño que se referiran a unha orde súa. Non me cabe máis que agardar a este pleno para ver se tiña o informe pertinente para facerlle a pregunta pero a día de hoxe sigo sen ter informe ningún dos municipais.

Sinala o Sr. Caamaño que como non ten o informe non pode formular a pregunta que el quixera.

- Realmente o noso alcalde non é quen de poñerse a disposición de un veciño ou veciña para intentar darlle unha solución a un problema que atinxe non só a este senón tamén aos demais veciños?



O Sr. González reitera o dito que eles atenden a esa veciña, trasladaron as queixas e actuaron e estamos valorando as propostas dos diferentes implicados e valorar que facer. Indica que o goberno milagres non pode facer.

Sinala o Sr. Caamaño que o goberno valora pero actuar non actúa. Sinala que debe de estar esperando a que saia o fallo xudicial.

- O partido socialista de Outes o non poder asistir o seu portavoz, enviou xente do partido a informarse sobre a reunión de traballo sobre o tema dos eólicos, unha das plataformas díxolle que en Valadares hai ou está en trámite aínda, unha concentración parcelaria, polo que algunhas explotacións están a percibir axudas da PAC (Política agraria Común). Dado que cos muíños eólicos terán que modificalo chan e pasará a ser rústico de protección de infraestruturas e non rústico de protección agropecuaria, ¿perderán algunhas destas explotacións a subvencións que están a percibir?, ¿teñen pensado reunirse cos propietarios das distintas explotacións e explicarlles ben como se verán afectadas as mesmas?

Responde o Sr. González matizando que non entende que ten que ver a concentración parcelarias coas axudas da PAC, pero sinala que en calquera caso si que é un tema que xurdiu sobre as axudas que reciben os agricultores da zona. É un tema que nestes momentos están analizando en profundidade os servizos xurídicos e esta semana volveron a preguntar sobre os mesmos, non está claro. Refírese á cuestión de se teñen pensado reunirse cos propietarios sinalando que teñen un servizo xurídico para atender esas cuestión e reitera que as dúas plataformas están traballando coordinadamente e facéndolle todo tipo de consultas á asesoría xurídica.

- Outra das plataformas tamén lle preguntou por que habendo unha asesoría contratada non se presentaban alegacións a fiscalía de medio ambiente e ordenación do territorio, e a resposta da asesoría foi que isto extra limitaba a súa función xa que só foi contratada como servizo de asesoría administrativa e non de penais, ¿ten vostede realmente intención de salvagardar o noso concello e a súa riqueza paisaxística, ou simplemente busca que pase o tempo e a ver que pasa?

Responde o Sr. González que entenderon que o que dixo a asesoría é que non é unha cuestión para levalo polo penal e que era unha cuestión puramente administrativa.



Toma a palabra o Sr. Caamaño para aclarar que el non estaba na reunión porque esta foi ás sete e media da tarde e algúns traballadores non temos disposición a partir das tres da tarde.

- ¿Por que dende o concello non se mira máis alá e se mira si se pode contratar dita asesoría con penales mirando si efectivamente hai base e argumentos para iso? ,¿Non será que o seu asesor xa lle dixo que era mellor non ir por aí?

Responde o Sr. González que reitera que entende a asesoría xurídica que é unha cuestión administrativa e sinala que para ir á fiscalía ten o Sr. Caamaño a porta aberta. É máis insta a que se considera que se considera iso comuníquello a o seu grupo político e que leve esta cuestión á fiscalía e que o faga vostede tamén. E nós asesorados creemos que esa non é a vía.

Reitera o Sr. González que insta e agardo que presente na fiscalía a denuncia de que este procedemento precisa ser penado.

Sinala o Sr. Caamaño que debe ter coidado porque ó mellor o colle dentro. O Sr. González reitera as súas palabras.

Sinala o Sr. González que non hai máis réplica.

- **PREGUNTAS ORAIS A CONTESTAR NO SEGUINTE PLENO:**

• **Do PP:**

A pasada lexislatura o Concello de Outes acolleuse ao desconto do 10% no canon que SOGAMA ofrecíalle aos concellos adheridos. Isto levaba consigo que o concello ademais de ter que adoptar medidas orientadas a reducir a xeración de residuos e o fomento da reciclaxe, terían que repercutir esa modificación do 10% directamente nos veciños. Ambas circunstancias deberían ser acreditadas ante SOGAMA antes de finalizar o mes de febreiro no ano 2020. No pleno ordinario do mes de xaneiro preguntámoslle que en que situación se encontraba a repercusión desa modificación nos recibos emitidos aos veciños e contestáronos como é costume no pleno de febreiro. A contestación literal foi “intentárase facer o antes posible a modificación da ordenanza respectiva, cousa que non se fixo antes porque non houbo tempo material”. Estamos a finais de xullo e vemos que xa pasaron a cobro o recibo do lixo do segundo semestre do ano 2019 pero dar de baixa aos veciños non temos noticias.



PREGUNTAS:

- 1)** Teñen verdadeiramente vostedes a intención de facer ese desconto no recibo do lixo para que lles resulte máis barato ós veciños de Outes?
- 2)** De ter vostedes esa intención, a que agardan? Cando vai a estar esta ordenanza lista para poder abaratar o recibo do lixo?

No pleno extraordinario do 17.06.2020 aprobáronse as bases reguladoras para a concesión de urxencia das axudas económicas para o mantemento da actividade económica e o emprego no Concello de Outes debido á crise pola COVID 19. O noso grupo manifestoulle en varias ocasións ao goberno que esas axudas debían ter carácter de máxima urxencia para que os afectados dispuxeran de ese apoio económico canto antes. Pois ben, mes e medio despois da aprobación desas bases non temos constancia de que se fixera ningunha acción ao respecto polo que queremos preguntarlle ao goberno:

- 1)** Publicáronse no BOP esas bases tal e como se recollía no acordo do pleno?
- 2)** De terse publicadas en que data se fixo?
- 3)** No caso de que aínda non fosen publicadas, teñen vostedes intención de facelo? E de ser así, cando se publicarían?
- 4)** Se teñen vostedes a intención de que os posibles beneficiarios destas axudas poidan acceder a elas, para que data calculan que poderán dispoñer efectivamente dos cartos que recollen estas axudas?

Estes últimos días puidemos ver nas redes sociais e na páxina web do concello dous vídeos, que entendemos que foron a parte de Outes Recupera, un sobre o comercio local e outro sobre o turismo.

- 1)** En que medios de comunicación se lles dou difusión a estes vídeos?
- 2)** De terse feito nalgunha canle de televisión ou similar, cantos pases, que días e a que hora se fixeron?

Moitos veciños do Concello nos mostraron o seu descontento polo estado de abandono e descontrol no que se encontra o desbroce das pistas municipais. Publican vostedes no Facebook uns cadros de desbroces xerais nos que en moitos casos non se lle da cumprimento e na maioría das veces van con retraso ou unicamente acondicionan algunhas pistas da parroquia que figura e non a totalidade das mesmas. Nese mesmo medio as preguntas que se lle fan a través dos comentarios vostedes contéstanlle a uns veciños e a outros non lles contestan directamente. O caso é que estamos a finais de xullo, teñen programado para



mediados de agosto. Van con retraso e vemos que nas últimas programacións non se mencionan as parroquias de San Cosme, nin Santo Orente, nin Tarás, nin Sabardes, nin particularmente ningún dos seus núcleos. Polo desenrolo que levan o traballos parece que aínda van a tardar en pasar os tractores. **PREGUNTA:**

- 1) Para cando lle vai tocar o desbroce das súas pistas ás anteditas parroquias?

Con respecto á contestación dunha das preguntas que quedaba pendente, entendínlle que o obxecto do servizo de desbroce, contrato menor, xa finalizou. Faltaba algo por facer e vostede dixo que xa se fixo o que faltaba. Vostede díxonos que faltaba algo por facer.

- 1) Cales son as cunetas que se desbrozaron, nas que se actuou? E a ser posible como iso ten unha medición, cantos metros de cuneta se fixeron en cada un?

Antes falaban da cota do campamento, din que vai ser igual en tódalas quendas. O outro día dixemos que aquelas quendas onde non estivera aínda a ordenanza para aprobar non as ían a tocar.

- 1) Na primeira quincena xa non houbo ordenanza, polo que o cobro vai ser de 0€. Se se aproba a ordenanza no medio do campamento, van a cobrarlle ás outras quendas?

- **Do BNG:**

Efectivamente como explicaba a voceira do PP para acollerse á bonificación de SOGAMA un dos requisitos necesarios a cumprir é a reciclaxe, tarefa difícil para algúns dos nosos veciños posto que non teñen preto das súas casas os contedores.

PREGUNTA:

- 1) Pensa vostede en algún momento substituír os contedores deteriorados ou repoñer aqueles que faltan para poder facer un reciclaxe óptimo e axudar aos veciño?

- **Do PSOE:**

- 1) Ten pensado vostede coa súa actitude rematalo mandato como alcalde?

8. ROGOS.



- **ROGOS PENDENTES DO PLENO ANTERIOR:**

• **Do PP:**

Sinala a Sr. Molinos que inclúen os rogos pendentes do pleno anterior nos presentados por escrito para este pleno e aclara que un deles xa non ten obxecto facelo posto que tratábase do pago das subvencións ás entidades culturais e deportivas. As subvencións do ano 2019 tiñan que pagarse no ano 2019 e que na data do anterior pleno estaban sen pagar aínda, despois de 6 meses. Parece ser que xa foron pagadas neste espazo de tempo, entre o pleno anterior e este.

ROGO:

Hai unhas semanas reanudáronse as clases de zumba, pasando a impartirse na Praza do Bosque. Dada a restrición de asistentes e do número de horas impartidas, houbo arredor de 20 persoas que levaban anos asistindo a esta actividade e que quedaron fora da convocatoria. Estas persoas trasladáronnos o seu descontento ante esta situación porque consideran que se dan as circunstancias para facer outro grupo no que tiveran cabida.

O noso rogo ao goberno é que analicen esta cuestión e que lle den solución de modo que os veciños que se ven afectados poidan desfrutar desta actividade.

- **ROGOS PRESENTE PLENO:**

• **Do PP:**

1º ROGO:

Sabemos que os veciños do edificio do número 33 na Avenida de San Campio e mais outros usuarios desta zona están moi preocupados polo estado do tratamento do baixo do edificio na fachada principal, que presenta un estado lamentable con perigo evidente de derrubamento sobre a beirarrúa. Cónstanos que a comunidade de veciños deste edificio acudiu ao concello para que se tomasen as medidas necesarias para solucionar o problema e que de momento non obtiveron unha resposta adecuada. Por iso facemos o rogo ao goberno, para que tome as medidas necesarias ao respecto coa máxima urxencia co fin de que non haxa que lamentar ningún accidente indesexado por mor do desprendemento do cerre sobre unha beirarrúa tan transitada.



2º ROGO:

No Cruceiro de Roo no principio do vial que vai dende o parque infantil ata graxes hai unha avaría de auga que fai que se faga unha poza na rúa co conseguinte deterioro do pavimento. Dinos os veciños da zona a avaría leva cerca de tres meses sen que se fixese nada ao respecto. Rogámoslle ao goberno municipal que tome as medidas necesarias para arranxar ese problema.

3º ROGO:

Varios veciños do Freixo trasladarannos as súas queixas polo estado no que se encontra o parque infantil anexo á escola da Moa, completamente invadido pola maleza. Caso similar sucede co parque de Cruceiro de Roo, no se se foron onte ou hoxe pola mañá a facer algo alí e non sei se fixeron algo alí, non me consta. Rogámoslle ao goberno que proceda ao seu adecentamento para que os seus usuarios poidan facer uso dos mesmos con total normalidade.

4º ROGO:

O noso grupo fíxolle unha petición formal ao goberno o día catro de febreiro desta ano para que nos deixasen ver o proxecto vinculado á axuda concedida polo IDAE para a mellora a eficiencia da rede de alumeadado público do concello. Ao non ter pola súa parte ningunha resposta ao respecto no pleno de maio preguntámoslle no pleno de maio porque non tiveramos a documentación e rogámoslle de novo que nos deran acceso a el. Vostedes contestaron no seguinte pleno que non atenderan á nosa petición porque, de forma literal, “non había proxecto como tal senón unha memoria e vostedes pediron un proxecto”. Escusa que nos pareceu moi pobre para negar o acceso a unha documentación á oposición, sobre todo para un goberno que presume de transparencia cando ademais vostede na prensa referiuse a ese documento coa palabra proxecto. Agora atopámonos coa sorpresa que na páxina do concello anuncian un proxecto de sinalización e establecemento de dirección única da rúa da Cruz, á que os usuarios poden acceder mediante un arquivo adxunto e o entrar nese arquivo na mesma portada do documento o título pon “Memoria de sinalización da rúa da Cruz”. Non aparece a palabra proxecto por ningún lado. Entón, rogámoslle ao goberno que se aclare entre os conceptos de proxecto e memoria porque están utilizando vostedes a mesma formula de denominación que lles serviu de base, máis ben de burda escusa, para negarnos o acceso ao documento que lle pedimos daquela vez.



- **Do BNG:**

1º ROGO:

Na rampa inferior da piscina do concello hai uns escombros que levan alí dende a construción da mesma. Por favor, retírenos antes. É un impacto visual e hixiénico moi negativo para os usuarios.

2º ROGO:

Fixéronnos chegar varios veciños da parroquia de Cando, atopáronse cans que deambulan pola aldea fai meses. A min cónstame que se puxeron en contacto co concello. Que pasen por alí porque están a ocasionar algúns problemas nalgunhas propiedades.

3º ROGO:

En Cando a imaxe hai que restaurala e o de arriba é un dos poucos cruceiros que ten mesa fúnebre e leva tirada no chan unha morea de anos tamén. Rogámoslle unha vez máis den exemplo e coiden do noso patrimonio e pasen a colocala ben.

4º ROGO:

Rogámoslle que se fixen tamén como se fixeron a limpeza das cunetas e non solo na parroquia de Cando senón por todos lados dende San Lourenzo, San Mourente, por onde vaias. Os tractores que viñeron a facer a limpeza das cunetas da Deputación deixaron tubos de canalización de augas dos pasos destrizados, sinais tiradas, e non sei que veu xa que teñen vido máis veces e nunca se viu tal desfeita. O que non me parece normal é que dende o concello non se lle chame a atención o non se lle diga que pasen a recoller todo isto ou que teñan un pouco de coidado.

- **Do PSOE:**

1º ROGO:

Rógolle a vostedes que no campo de fútbol, supoño que saberá, que hai unha parede parcheada. Entrando a man esquerda ten unha fenda enorme e está parcheada. Miren a ver se poden facer algo porque iso calquera dia cae encima dun rapaz e despois votámonos as mans á cabeza.



2º ROGO:

Non sei se lembra que lle solicitei amablemente nun rogo anterior a posta dun espello no cruce de Cins coa carretera. Que é por seguridade, que no é porque eu me vexa mais bonito no espello. É por seguridade para os veciños. Volvo a facerlle o mesmo rogo neste pleno.

Remata a sesión 23:20ás do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

A grabación do Pleno é consultable no seguinte enlace:

https://www.youtube.com/watch?v=ReYvA8s4_P4

